

EDUCACIÓN BASEADA EN PROXECTOS. EXPERIENCIA EN METEOGALICIA

LAGE GONZÁLEZ, ANA
MeteoGalicia

O aprendizaxe baseado en proxectos (ABP) naceu a finais do século XIX en Estados Unidos e coñécese como a “ensino baseado no facer”. O ABP supón un cambio de modelo, do que poderíamos chamar “profesor na tarima” no que e o docente funciona como un transmisor de coñecementos a través das súas leccións maxistras e cun libro de texto. Os alumnos, pasivos, escoitan, con algunha pregunta ocasional. No ABP o modelo poderíamos denominalo “profesor orientador” no que este plantexa obxectivos a longo prazo, que se van a lograr a través da resolución de problemas, necesaria para a elaboración dun produto. Sempre no ABP hai unha conexión total coa vida real. No ABP a aprendizaxe é activa, son os alumnos, que desenrolando o seu pensamento crítico, son quen de resolver os problemas e rematan coa consecución dun proxecto.

Un aspecto fundamental no ABP é a interdisciplinariade. As materias non funcionan soas e independentes, como se non tiveran nada en común. Pola contra, fusionanse e resulta moi difícil saber onde acaba unha e onde empeza outra. O problema é tratado desde as distintas áreas do coñecemento.

A forma óptima de levar a cabo o ABP é por medio do traballo en equipo. Deste xeito, non será soamente beneficioso para mellorar a colaboración, senón que se verán acrecentadas as súas capacidades de comunicación, entre elas, unha das máis importantes é a habilidade de negociación e, como non, algo que se precisa tanto neste días: a capacidade de liderazgo.

Mediante o ABP os alumnos serán os xestores do tempo e dos recursos, o que cultivará outra disciplina fundamental: a organización.

Todo o proceso partirá dunha pregunta (*driving question*) e rematará cunha análise, revisión e avaliación. Neste último punto é moi conveniente que os alumnos expoñan o traballo en voz alta, ante toda a clase, para desenrolar ese arte, tan escaso, de falar en público.

Os alumnos verán a través de todo o proceso e sobre todo ó final como medra a súa autoestima e a confianza en si mesmos, que lles levará a poder afrontar outros problemas noutras áreas da súa vida cotiá ou no seu futuro profesional.

O papel do profesor neste tipo de metodoloxía é esencialmente motivador. Será él ou ela o que espertará a necesidade de saber dos alumnos. Estimulará a discusión e animará a saber elixir entre varias alternativas. Incorporará elementos para a revisión e avaliación. En resumen, creará as condicións e as tarefas para que o alumno (pense que) aprende solo.

En MeteoGalicia levamos varios anos participando no plan PROXECTA da Consellería de Educación, co proxecto MeteoEscolas. No curso 2012-2013 participaron 28 centros ós que se lle subministraron un pluviómetro e un termómetro para adquisición de datos. Estes datos foron empregados para realizar distintas actividades no centro e desenvolver todo un complexo proxecto de Meteoroloxía.

No curso 2013-2014 participaron 34 centros e nestes momentos xa eliximos os centros seleccionados para formar parte do proxecto MeteoEscolas no curso 2014-2015.

Os proxectos que se levan a cabo polos distintos centros son multidisciplinares e multiniveis, participando en moitos casos o centro educativo na súa totalidade. As actividades que integran os proxectos son moi variadas, sendo fiadas todas elas co fío da Meteoroloxía.

REFERENCIAS

- http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/docs/meteoescolas/obradoiros_gl.pdf
- <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta>
- http://www2.meteogalicia.es/galego/observacion/climantica/documentos/PROPOSTAS_ACTIVIDADES.pdf